

SOLUCIÓN EJERCICIO 4 (DEBERES):

Total Devengado (TD) (BRUTO):

Para o cálculo do TD hai que sumar tódalas cantidades que vai percibir o traballador, o único a ter en conta é se no mes en que calculamos a nómina toca cobrar ou non paga extraordinaria (o máis habitual en decembro e no verán). Neste caso como o traballador NON cobra as pagas extraordinarias **prorrrateadas**, polo que non se incorpora a para extra

$$\text{Total Devengado} = 1350 + 100 + 50 + 60 + 50 + 90 = 1700\text{€}$$

COTIZACIÓNS

- **Base de Cotización por Continxencias Comúns (BCCC):**

Para o cálculo da BCCC teremos que sumar as cantidades a percibir polo traballador respectando as seguintes indicacións:

1. As horas extraordinarias nunca se suman na BCCC (sumaranse na BCCP)
2. As pagas extraordinarias sempre se incorporan prorrrateadas, sexa mes no que se cobren ou non, tódolos meses do ano hai que facer o prorrrateo e incorporalo na BCCC. O prorrrateo das pagas extraordinarias consiste en dividir entre 12 meses o importe anual do que o traballador cobra de pagas extraordinarias (neste caso dúas pagas de SB divididas entre 12)
3. Se o traballador percibe cantidades en concepto de **Dietas ou Kilómetros** haberá que incorporar á BCCC soamente a parte que se excede do límite exento de cotización á Seguridade social. **Se o traballador cobrara unha cantidade inferior ao límite exento non se incorporaría nada.**

$$\text{BCCC} = 1350 + 100 + 50 + (2 \times 1350 \% 12) = 1725\text{€}$$

Non se incorpora nada da DIETA porque o traballador cobra por debaixo do límite exento que son **53,34€/día** con pernocta, e el cobra 50€ día 😊

1.166,70 < 1725 < 4.495,50 Comprobamos que a BCCC calculada está entre a base mínima e a máxima

- **Base de Cotización por Continxencias Profesionais (BCCP):**

Soamente hai que engadir as horas extraordinarias á BCCC, se o traballador no mes non fai horas extraordinarias a BCCP e a BCCC coinciden.

$$\text{BCCP} = 1725 + 90 = 1815\text{€}$$

1.166,70 < 1815€ < 4.495,50 Comprobamos que a BCCP calculada está entre o tope mínimo e o máximo

- **Cotizacións á Seguridade Social do Traballador:**

- ✓ Continxencias comúns: $4,8\% \text{ s}/1725\text{€} = 82,8$ (cálculase sobre a BCCC, sempre o 4,8%)
- ✓ Desemprego: $1,55\% \text{ s}/1815 = 28,13$ (cálculase sobre a BCCP, basicamente 1,55% se o contrato é indefinido e 1,60% se o contrato é temporal)
- ✓ Formación profesional: $0,1\% \text{ s}/1815 = 1,81$ (cálculase sobre a BCCP, sempre o 0,1%)

- ✓ Horas extras: $4,7\% \text{ s}/90 = 4.23$ (Calcúlase sobre o importe das horas extras, case sempre 4,7%, sería un 2% se fose horas extras por forza maior)

Total cotización á SS T= $82.8 + 28.13 + 1.81 + 4.23 = 116.97$

○ **Cotizacións á Seguridade Social do Empresario:**

- ✓ Continxencias comúns: $24,10\% \text{ s}/1725\text{€} = 415.72$ (calcúlase sobre a BCCC, sempre o 24,10%)
- ✓ Continxencia profesionais $2\% \text{ s}/1815 = 36.3$ (calcúlase sobre a BCCP, a % dependerá do sector da actividade da empresa, neste caso o 2%)
- ✓ Desemprego: $5,50\% \text{ s}/1815 = 99.82$ (calcúlase sobre a BCCP, basicamente 5,50% se o contrato é indefinido e 6,70% se o contrato é temporal)
- ✓ Formación profesional: $0,6\% \text{ s}/1815 = 10,89$ (calcúlase sobre a BCCP, sempre o 0,6%)
- ✓ Fogasa: $0,2\% \text{ s}/1815 = 3.63$ (calcúlase sobre a BCCP, sempre o 0,2%)
- ✓ Horas extras: $23,60\% \text{ s}/90 = 21,24$ (Calcúlase sobre o importe das horas extras, case sempre 23,60%, sería un 12% se fose horas extras por forza maior)

Total cotización á SS Empresario = $415.72 + 36.3 + 99.82 + 10,89 + 3.63 + 21,24 = 587.6$

TRIBUTACIÓN

IRPF:

Para calcular a retención a conta do IRPF é necesario calcular antes a base impositiva do IRPF, teremos dúas posibles situacións:

1. Se o traballador no mes non cobra nin dietas nin kilómetros, a base impositiva do IRPF coincidirá coTD, polo tanto para calcular a retención simplemente calculamos a % de retención de IRPF indicada sobre o Total Devengado.
2. Se o traballador no mes cobra dietas ou kilómetros, teremos que restar do Total Devengado a parte exenta de tributar ao IRPF das dietas ou kilómetros, deste xeito teremos calculada a base de retención de IRPF sobre a cal calcularemos a retención a conta do imposto.

Base impositiva IRPF = $1700 - 60 \text{ (factura do tren)} - 50 \text{ (dietas exentas)} = 1590$

Retención a conta do IRPF = $15\% \text{ de } 1590 = 238.5$

Liquido a Percibir (LP):

LP = BRUTO – Cotizacións á Seguridade Social – Retención a conta do IRPF

LP = $1700 - 116.97 - 238.5 = 1344.53$